



Cambios de modalidade/itinerario/materia

ORDE do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa.

Artigo 3. Organización xeral

3. As alumnas e os alumnos poderán permanecer cursando bacharelato en réxime ordinario durante catro anos, consecutivos ou non.

Artigo 6. Cambio de modalidade ou vía

1. O alumnado que promocióne ou que repita o segundo curso poderá solicitar á dirección do centro o cambio de modalidade ou vía antes do comezo das actividades lectivas. Excepcionalmente, o alumnado matriculado en primeiro curso poderá solicitar á dirección do centro o cambio de modalidade ou vía antes do 15 de outubro

2. En todo caso, ao finalizar o segundo curso de bacharelato, o alumnado deberá ter cursadas e superadas todas as materias comúns, seis materias específicas da nova modalidade ou vía elixida, das cales unha obrigatoria e dúas de opción serán de primeiro e unha obrigatoria e dúas de opción serán de segundo, e dúas materias optativas, unha de primeiro e outra de segundo.

3. Para os efectos do cambio de modalidade, terase en conta:

b) Unha das materias específicas de modalidade ou vía, obrigatoria ou de opción, do primeiro curso ou do segundo curso xa superada que non sexa propia da nova modalidade poderá ser considerada como materia optativa do mesmo curso. Neste caso, a alumna ou o alumno deberá indicalo no momento da solicitude do cambio de modalidade ou vía.

c) As materias específicas da modalidade ou vía que abandone que non formen parte das materias requiridas para os efectos de titulación non se terán en conta para o cómputo da media de bacharelato.

e) Dos cambios de modalidade ou vía deixarase constancia no expediente académico mediante unha dilixencia, que se axustará no seu contido ao modelo que se establece no anexo I.

Artigo 7. Cambio de materias

O alumnado con avaliación negativa nalgunha materia específica de modalidade ou vía ou nalgunha materia optativa, de primeiro ou de segundo curso, no caso de promocionar ou de repetir, poderá optar por recuperala ou por substituíla por outra materia do mesmo grupo ofertada no centro. Neste caso, a alumna ou o alumno deberá solicitalo no momento da matrícula.



Artigo 8. Continuidade entre materias

1. O alumnado poderá matricularse en segundo curso das materias con relación de continuidade que figuran no anexo III do Decreto 157/2022, do 15 de setembro, sen ter cursado con anterioridade a materia de primeiro.

Neste caso, o alumnado deberá matricularse da correspondente materia de primeiro e cursala como pendente nas condicións establecidas no artigo 11.

2. Non obstante, no caso das materias específicas de modalidade de opción e no caso das materias optativas, o alumnado poderá acreditar os coñecementos da correspondente materia de primeiro antes do inicio das actividades lectivas do curso académico. Esta acreditación realizarase a través das probas que decida o departamento didáctico, baseadas en criterios obxectivos e avaliáveis, que permitan verificar que a alumna ou o alumno reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo. En ningún caso se poderá considerar cursada ou superada a materia de primeiro curso.

No caso de non superar as probas de acreditación dos coñecementos da correspondente materia de primeiro curso, o alumnado deberá matricularse da dita materia e cursala como pendente nas condicións establecidas no artigo 11. A materia de primeiro non será computable para os efectos de modificar as condicións en que o alumnado promocionou ao segundo curso.

Deixarase constancia desta acreditación no expediente académico mediante unha dilixencia, que se axustará no seu contido ao modelo que se establece no anexo II.

Artigo 9. A materia común Lingua Estranxeira

2. O alumnado que no segundo curso de bacharelato desexe cambiar o idioma da materia común Lingua Estranxeira podrá incorporase ás ensinanzas de Lingua Estranxeira II noutro idioma coa autorización da dirección do centro e sempre que curse simultaneamente a materia de primeiro curso do novo idioma elixido.

A solicitude de cambio realizarase ante a dirección do centro no momento da matrícula e, en calquera caso, antes do inicio das actividades lectivas do segundo curso